

BASES CONCURSO #SilledaCreanaCasa

O Concello de Silleda, a través das Concellarías de Cultura, de Educación e de Comercio convoca o certame #SilledaCreanaCasa, un concurso que ten como obxectivo fomentar a creatividade durante o tempo de confinamento da poboación pola crise a raíz da pandemia global do COVID-19. Búscase estimular tamén á poboación, especialmente á máis nova, con distintas fórmulas de creación, e axudar ao comercio local, establecendo como premios vales para gastar nos establecementos do municipio.

Temática

A temática debe estar relacionada coa situación social actual, primando as mensaxes que expresen esperanza e recollan reflexións sobre o escenario que plantexa esta pandemia.

Participantes e Categorías

O concurso está dirixido a todas as persoas que estén empadroadas no municipio de Silleda. Establéncense categorías en función da idade e as creación. Así establéncense:

-Debuxos. Publico infantil: de 6 a 12 anos de idade. Todas as persoas poderán achegar os seus debuxos ou creacións plásticas. Os nenos e nenas ata seis anos poden participar tamén cas súas creación, pero sen entrar a concursar.

-Escrita. Veciños e veciñas de 13 anos en adiante. Poderán presentar traballos en formato de poemas ou relatos breves, con reflexións sobre a crise do COVID-19. Poden escribirse a ordenador (tamaño letra corpo 12) ou a man, non podendo exceder tanto no caso de poemas como relatos os dous folios A4 por unha cara.

Todos os textos deben de estar en galego



Presentación de traballos

Os traballos, tanto en formato debuxo como de texto, deben enviarse por correo electrónico ao enderezo info@silleda.gal, indicando no asunto : Participación Silleda Crea na Casa e no corpo do correo os datos persoais (nome a apelidos da persoa autora, DNI, teléfono e enderezo postal ou e-mail, e idade). Para os debuxos poden remitirse imaxes en formato PDF ou fotografías dos mesmos.

Prazo de presentación

Os traballos poderán presentarse ata o 1 de xuño. Cada participante poderá presentar un único traballo.

Premios

En cada unha das categorías establécense 3 premios:

1º Premio. Vale de 500 euros para canxear no comercio local

2º Premio. Vale de 300 euros para canxear no comercio local

3º Premio. Vale de 200 euros para canxear no comercio local

***Todos os nenos e nenas de ata 6 anos que participen recibirán como premio libros ou material escolar que o Concello de Silleda mercará nas librarías locais.

Xurado

O xurado estará formado por dous artistas locais, un escritor/a e un/unha xornalista, así como pola concelleira de Cultura, (ou persoa en quen delegue), con voz, pero sen voto.

Entrega

A resolución do concurso comunicarase, de ser posible, ao longo do mes de xuño, con posibilidade de organizar (se as circunstancias daquela o permiten) unha mostra cos traballos participantes e un recital no caso dos poemas ou relatos presentados.



Aceptación das bases

A participación neste certame implica a aceptación das bases. O Concello de Silleda resérvase así mesmo o dereito de modificar as condicións dos concurso se é necesario.

As bases publicaránse na páxina web www.silleda.gal

